



## **Nat Geo Wild, nova “canle convidada” para clientes/as de R en febreiro**

- *A “canle convidada” de Agile TV emite cada mes en aberto para todos/as os/as clientes/as de R.*
- *Trátase dunha canle de éxito, seleccionada para que os/as telespectadores/as coñezan a calidade da opción Total TV que ofrece Agile TV.*

**Martes, 1 de febreiro de 2022.- Agile TV** ofrece dende hoxe en aberto para todos/as os clientes/as de **R** unha nova “canle convidada”: **Nat Geo Wild**. Trátase dunha das canles de documentais máis valoradas, dispoñible nestes momentos na grella de Total TV de Agile TV e que agora poderán ver todos/as os/as clientes/as de **R** no **dial 117 da súa televisión**.

Os contidos de Nat Geo Wild son creacións exclusivas e de grande interese, con documentais aclamados e premiados en todo o mundo.

As fins de semana deste mes, por exemplo, emitiránse varias estreas de “Big Cat Month”, dos cineastas de renome mundial Dereck e Beberly Joubert, que traballaron para axudar a salvar a vida silvestre e os seus hábitats durante máis de tres décadas. O personaxe favorito dos/as espectadores/as da canle, “El Increíble Dr. Pol”, estreará nova tempada con novos casos a partir do luns 7 de febreiro. E para completar esta breve mostra da calidade que o/a espectador/a poderá atopar en Nat Geo Wild durante este mes, “Mi perro y yo”, a nova serie de oito episodios que fará as delicias dos/as amantes do mundo canino.

Agile TV ofrece en exclusiva a “canle convidada”, unha cadea de éxito seleccionada para mostrar periodicamente os contidos da opción Total TV e dar a coñecer, así, a todos/as os/as clientes/as de **R**, a súa calidade en aberto.

*\* Servizo de TV prestado por Agile TV (Over The Top Networks Ibérica, S.L.U. con NIF B-86588639).*

**comunicación R**  
[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)  
[R.gal](http://R.gal)